

## Luces

**ALBERTE PAGÁN Cineasta**

# “As axudas non me servían”

D. S.

Os filmes de Alberte Pagán (O Carballiño, 1965) transcorren en Nicaragua, Arxentina, Zimbabue ou o Sáhara. Pero nunca, até agora, contaron con subvención pública. “O tipo de axudas que había non se adaptaba ao que eu precisaba nin servían para o meu método de traballo”, considera, “implicaban moito papleo, moita burocracia, e darte de alta como autónomo”.

O cinema de Pagán afástase da convención guión, produtora, actores, montador, estrea en sala, paso a deuvedé. “Funciono acumulando imaxes”, relata,

“ben sexan experimentais, documentais ou de ficción; o filme xorde despois, durante o tempo da a montaxe”. Talvez por iso non lle resulta doado falar do seu proxecto en curso, adscrito á ficción e, por vez primeira, con subsidio procedente da Xunta. “Trátase dunha subvención a traballo entregado, non se entremete no proceso de creación da fita: cando rematas, páganche a axuda”, explica. Esta caste de financiamento, habitual noutras cinematografías e axeitado para obras fóra do canon hexemónico, impide calquera interferencia externa no resultado final.

Recoñecido co Premio Román Gubern de ensaio cinematográfico por *Bs. As.* (2007) —no que trata a emigración galega en América— e con *Tanyaradzwa* (2009) —tres horas, pantalla dobre, rodada en Zimbabue— aínda nos circuitos preocupados polo outro cinema, o activo cineasta proxectará, o 5 e o 8 do outubro no Festival de Ourense, a peza *Puilha 17 janeiro 2010 15:33 h.* Con versos dun poeta saharaui e imaxes rexistradas nos campamentos de refuxiados de Tinduf (Alxeria) preparou *Asahra Hurratun! [Sáhara libre!]* e, amais, axiña porá a circular os 20 minutos *Eclipse*.